



DN 03-01 : REGRAS PARA O EMPREGO DA MARCA DE GARANTÍA Galicia Calidade

1. – OBXECTO	02
2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN	02
3. - DOCUMENTOS DE REFERENCIA	02
4. – DEFINICIÓNS	02
5. – DESENROLO	02

GALICIA CALIDADE, S.A.U. - C.I.F.-A-15.522.212 inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña. Tomo 1711, da sección Xeral, folio 134, folia C-15034

Rev	Apartados modificados
5	Pto. 3 e 5.B.1. : Inclusión do Manual de Identificación Institucional En todo o documento : referencia tamén aos servizos
6	Cambio de xerencia

REVISADO

ASINADO: Mª Belén Vidal Piñeiro
CARGO: Responsable de Calidade

APROBADO

ASINADO: Ana Méndez Gil
CARGO: Directora Xerente



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

22/02/2022

Rev 06

Páxina 1 de 4

CVE: YWDBLZKYg2e6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



1. - OBXECTO

O presente documento ten como obxecto establecer as disposicións que regulan o uso do logotipo da marca de garantía Galicia Calidade e a súa aplicación para a identificación dos produtos que ostentan dita marca, así como o uso que do mesmo poden facer as organizacións licenzatarias da marca.

2. - ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente documento é aplicable a todas as entidades que realizan produtos ou desempeñan servizos amparados pola marca de garantía Galicia Calidade, en relación con ditos produtos ou servizos no que se refire a:

- utilización do logotipo Galicia Calidade
- publicidade referida á licenza de uso.

3. - DOCUMENTOS DE REFERENCIA

- Manual de Identificación Institucional de Galicia Calidade
- Proxecto de utilización da marca de garantía Galicia Calidade pola empresa licenzataria.

4. - DEFINICIÓNS

- EMBALAXE PRIMARIA: Toda embalaxe deseñada para conter o produto ou constituír unha unidade de venda destinada ao consumidor ou usuario final, xa recubra ao produto por enteiro ou só parcialmente pero de tal forma que non se poda modificar o contido sen abrir ou modificar dita embalaxe.
- EMBALAXE SECUNDARIA: Toda embalaxe deseñada para constituír unha agrupación de embalaxes primarias e que se utiliza unicamente co fin de protexer a estas e facilitar a súa manipulación.

5. - DESENROLO

5.A. Utilización do logotipo de Galicia Calidade

5.A.1. Debe aparecer sempre asociado ao nome comercial do produto ou servizo que ostenta a marca de garantía Galicia Calidade. O logotipo de Galicia Calidade, na súa condición de marca secundaria, non pode ser utilizado de tal forma que induza a erro sobre a verdadeira marca comercial do produto ou servizo afectado. Esta non será



DN 03-01 : REGRAS PARA O EMPREGO DA MARCA DE GARANTÍA Galicia Calidade

de tamaño maior ou estará situada nun lugar preponderante que a marca comercial á que se aplica a marca de garantía.

5.A.2. En **material de papelería** (papel de cartas, facturas, saúdas, etc.) poderase usar a marca de garantía Galicia Calidade, incluso se todas as actividades da empresa non están amparadas por dita marca de garantía, coas seguintes limitacións:

5.A.2.1. No caso de que soamente unha pequena parte das actividades da empresa estean amparadas pola marca de garantía, ou se soamente o están algunhas localizacións, sés ou departamentos da empresa, GALICIA CALIDADE, S.A.U. poderá restrinxilo.

5.A.2.2. No caso de ofertas, se todas as actividades ofertadas non caen dentro do alcance da marca de garantía deberase indicar, mediante unha marca, lenda ou calquera outro medio, que actividades están amparadas pola marca.

5.A.2.3. No caso de catálogos, se todas as actividades non están amparadas pola marca de garantía Galicia Calidade, deberase facer clara distinción entre unhas e outras.

5.A.3. En **publicidade** de calquera índole (anuncios de prensa e TV; material promocional tal como calendarios, axendas, etc.; anuncios en valas publicitarias, autobuses; en vehículos da empresa; etc.) seguiranse as seguintes regras:

5.A.3.1. Cumprirase en todos os casos as disposicións do apartado 5.A.1.

5.A.3.2. Non se deberá utilizar a marca de garantía Galicia Calidade en anuncios non asociados aos produtos ou servizos amparados pola marca.

5.A.3.3. Soamente se deberá utilizar a marca de garantía Galicia Calidade asociada ao alcance (produtos ou servizos e empresas que os realicen). Isto implica que as empresas que non dispoñan de todos os seus produtos ou servizos amparados pola marca de garantía Galicia Calidade non poderán facer uso da mesma a non ser que aclare este feito no propio anuncio ou que anuncien soamente os produtos ou servizos amparados por dita marca de garantía.

5.A.4. Sobre os **produtos** utilizarase como elemento secundario á marca comercial ou denominación de venda do produto amparado pola marca de garantía Galicia Calidade, non podendo dar lugar a erro ou confusión respecto á natureza de marca accesoria de Galicia Calidade. Non se poderán engadir lendas ou distincións á marca de garantía que pretendan facer diferenciacións entre os distintos usuarios de dita marca de garantía. Quedarán expresamente prohibidas expresións do tipo: “A primeira empresa en ostentar a marca de garantía...” “Os únicos en...” ou calquera outra expresión que pretendan diferenciar a natureza da licenza de uso da marca de garantía Galicia Calidade.



DN 03-01 : REGRAS PARA O EMPREGO DA MARCA DE GARANTÍA Galicia Calidade

- 5.A.5. Tanto para as **embalaxes** primarias como para as secundarias, a marca de garantía Galicia Calidade poderá utilizarse atendendo ás regras expresadas anteriormente.
- 5.A.6. As empresas con produtos ou servizos amparados pola marca de garantía Galicia Calidade poderán facer referencia á súa condición de licenzatarias da marca usando a frase “(empresa) dispón de (produtos ou servizos) amparados pola marca de garantía Galicia Calidade”, ou similar en contido, en lugar de facer uso do logotipo de Galicia Calidade. Dita frase poderá usarse nos casos anteriores, coas mesmas restricións que o logotipo de dita marca de garantía.
- 5.A.7. GALICIA CALIDADE, S.A.U., na súa actividade de promoción da marca de garantía Galicia Calidade, poderá utilizar o logotipo da marca na forma que crea máis conveniente. Así mesmo poderá permitir o uso da mesma en actos promocionais, sen que en ningún caso signifique que o evento promovido estea amparado pola marca de garantía Galicia Calidade.

5. B. Forma, dimensións e cor do logotipo de Galicia Calidade

- 5.B.1. No Manual de Identificación Institucional de Galicia Calidade móstrase a **forma** do logotipo de Galicia Calidade tal e como aparece oficialmente rexistrado. É responsabilidade do licenzatario asegurarse de que as reproducións que realice do logotipo corresponden co modelo de dito manual.
- 5.B.2. As dimensións do logotipo nas distintas versións pódense ampliar ou reducir, sempre que se conserven as proporcións orixinais, para adaptalo ás necesidades do usuario, dentro dos límites indicados no presente documento.
- 5.B.2. As cores do logotipo serán respectadas cando sexa posible, podendo utilizar versións monocromáticas ou reducir as tinturas empregadas, cando o obriguen razóns técnicas, estéticas ou económicas de aplicación ao produto ou servizo. Nestes casos a empresa usuaria da marca de garantía Galicia Calidade, deberá solicitar a GALICIA CALIDADE, S.A.U., a aprobación do logotipo empregado.
- 5.B.3. Todas as aplicacións que non estean contempladas no presente documento deberanse solicitar por escrito a GALICIA CALIDADE, S.A.U., para a súa preceptiva aprobación, anexando a información necesaria (probos, maquetas, etc.) para o seu estudo.

